

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Antonio Orois Valiño

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D.<sup>a</sup> Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández

**ACTA**

En Arzúa, a 7 de marzo de 2014.

Sendo as 20.10 horas, reúnense no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión o concelleiro D. Xosé Luis Fernández Segade.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

***Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2013.-***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

***Punto 2º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“Intervén a Presidenta da Comisión manifestando que este expediente tramítase coa finalidade de levar a cabo a modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, como consecuencia da entrada en vigor, o 1*

*de novembro de 2013, do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*

*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G), manifestando que está de acordo co expediente de modificación da ordenanza, xa que logo, trátase dunha modificación do réxime de copagamento que ven imposta por un Decreto, do que se deriva que hai que adaptar a Ordenanza sen mais.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), manifestando que pola súa parte queren estudar mellor o tema para o Pleno, e que en principio vanse abster.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por catro votos a favor (dos 3 concelleiros do BNG: Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade e da concelleira do PS de G: Sra. Balado Conde) e tres abstencións (dos 3 concelleiros do PP: Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que reitera o dito na sesión da Comisión especial de Contas.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular vai manter a abstención que expresara na sesión da Comisión de Contas, polo en consecuencia non hai ningún inconveniente para que sexa aprobada a modificación da referida ordenanza.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para dicir que o grupo político do Bloque Nacionalista Galego segue na mesma liña do que propuxeron na Comisión especial de Contas.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Arzúa, nos termos en que quedou redactada.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.-** Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.-** Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación– no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 3º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“Intervén a Presidenta da Comisión manifestando que este expediente tramítase para adaptar a ordenanza fiscal ao devandito Decreto 149/2013, do 5 de setembro. Este Decreto, modifica os artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se crean os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, introducindo no seu artigo 61 unha nova táboa que expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado.*

*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G), mostrándose de acordo co expediente, posto que se trata do mesmo plantexamento que no suposto anterior.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), manifestando que pola súa parte queren estudar mellor o tema para o Pleno, e que en principio vanse abster, ao igual que no suposto anterior.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por catro votos a favor (dos 3 concelleiros do BNG: Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade e da concelleira do PS de G: Sra. Balado Conde) e tres abstencións (dos 3 concelleiros do PP: Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que se ratifica no dito na sesión da Comisión especial de Contas.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular ratifica o dito polos compañeiros do seu grupo que asistiron á sesión da Comisión de Contas, e por tanto vanse a abster.

\*Da Sra. Varela Duro (doBNG) para indicar que os integrantes do grupo político do Bloque Nacionalista Galego seguimos na mesma liña da proposta que se adoptou na Comisión especial de Contas.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Arzúa, nos termos en que quedou redactada.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

**Cuarto.**- Considerar elevado a definitivo tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

**Quinto.**- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto íntegro da referida ordenanza, resultante da modificación aprobada, así como a parte dispositiva deste acordo de aprobación desa modificación.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

#### ***Punto 4º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2014.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*"A Presidenta outórgalle a palabra á interventora para que explique o contido do expediente.*

*Toma a palabra a interventora explicando que se trata do recoñecemento de obrigas procedentes de servizos e obras efectuados no ano 2013 que non puideron ser imputadas ao exercicio anterior, pero non por inexistencia de consignación orzamentaria, senón porque as correspondentes facturas tiveron entrada no concello no presente ano 2014, e polo tanto quedaron sen aprobar no pasado ano.*

*Continúa explicando a interventora que se trata dun total de 32 facturas que ascenden a un importe de 28.659,88 euros, e que o detalle aparece na providencia da alcaldía.*

*Intervén a Sra. Balado Conde (do PS de G) para mostrar o seu acordo co expediente, ao tratarse de seguir os trámites legais necesarios para poder aprobar esas facturas.*

*Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) manifestando que no seu caso prefiren reservarse tamén para o Pleno, e que de principio vanse abster.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por catro votos a favor (dos 3 concelleiros do BNG: Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade, e da concelleira do PS de G: Sra. Balado Conde) e tres abstencións (dos 3 concelleiros do PP: Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014."*

---

Coñecido que as facturas pendentes de pago foron as que quedaron descritas na providencia do alcalde de 12 de febreiro de 2014, pola que se decide a instrucción do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Polos voceiros dos tres grupos políticos representados nesta Corporación, realizáronse as seguintes manifestacións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que mantén a mesma postura que expresou na sesión da Comisión especial de Contas.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP), para indicar que o grupo político do Partido Popular vaise abster na votación deste asunto, ao igual que fixera na sesión da Comisión de Contas.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG), para indicar que o grupo político do Bloque Nacionalista Galego mantén tamén a mesma postura que expresou na sesión da Comisión de Contas.

Visto o informe emitido pola interventora con data 12 de febreiro de 2014.

Adoptouse –por unanimidade dos doce membros asistentes (6 do PP, 5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, polos importes que quedaron indicados; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

***Punto 5º CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE ARZÚA.-***

Intervén o Sr. alcalde para facer a proposta de que este asunto quede sobre a mesa, dado que na sesión da comisión informativa na que se tratou deste asunto formularonse varias dúbidas por parte dalgúns concelleiros, sobre todo con respecto a unha cuestión que vai incluída nese convenio como é a Taboa retributiva do persoal temporal, que figura como Anexo I.

Polo que, ao haber esas dúbidas, convocouse unha reunión cos representantes sindicais, que se celebrou na mañá do día de hoxe, e chegouse á conclusión de que sería mellor engadir unha Disposición Adicional ao convenio colectivo que aclarase aquela cuestión, e tratar sobre a ratificación do convenio polo Pleno na vindeira sesión plenaria.

Acto seguido o alcalde someteu a votación ordinaria a proposta que quedou exposta.

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes (6 do PP, 5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de aceptar a proposta do Sr. alcalde e deixar pendente para a vindeira sesión plenaria o asunto da ratificación do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo deste concello.

***Punto 6º ACORDO REGULADOR PARA O PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE ARZÚA.***

Intervén o Sr. alcalde para facer a proposta de que este asunto quede tamén sobre a mesa ata a vindeira sesión do Pleno, como no caso do convenio colectivo do persoal laboral, porque –aínda que no acordo regulador para o persoal funcionario- non había tantas dúbidas, suporía un agravio comparativo ratificar hoxe este acordo regulador e deixar para a vindeira sesión plenaria o convenio colectivo (como quedou acordado no punto anterior da orde do día desta sesión).

Polo que, acto seguido, o alcalde someteu a votación ordinaria a proposta que quedou exposta.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes (6 do PP, 5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de aceptar a proposta do Sr. alcalde e deixar pendente para a vindeira sesión plenaria o asunto da ratificación do acordo regulador do persoal funcionario ao servizo deste concello.

***Punto 7º) MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO PS DE G-PSOE, Sra. BALADO CONDE, EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN DO TRASLADO DIARIO OU SEMANAL POLO 065 DOS DEPENDENTES AOS CENTROS ASISTENCIAIS (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2014, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 529).***

Pola concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde douse lectura de dita moción; sendo o seu contido o seguinte:

*“Un número importante de arzuáns son usuarios do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade 065. Trátase dunha iniciativa pública autonómica de carácter social de axuda ao desprazamento programado e non urxente para chegar as persoas con discapacidade e/ou dependentes a programas, centros ou servizos de máxima seguridade.*

*O servizo desenvolverase mediante a distribución en Galicia de 61 áreas sociais de cobertura; unha delas engloba a comarca de Arzúa. Normalizar as condicións de vida, favorecer a autonomía persoal e facilitar a integración social dos usuarios é o obxectivo xeral do programa. Inclúe a asistencia no desprazamento dun monitor acompañante por vehículo, que será o encargado de recoller ao usuario no punto máis próximo o seu domicilio ou lugar de recollida.*

*A prestación do servizo procurará cubrir as necesidades básicas do desprazamento dos usuarios en base a unha serie de prioridades. A primeira é acudir a consultas ou tratamentos sanitarios do sistema público e concertado ou das mutualidades de funcionarios públicos, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario. Para estes efectos reservárase unha franxa horaria, de xeito que permita clarificar as citas con antelación e prestar adecuadamente o servizo. A continuación figura o traslado dende residencias da rede pública do sistema galego de servizos sociais especializados. Logo está o transporte a centros de día públicos, para o cal se establecerán, por áreas de poboación, as horas máis adecuadas en función dos beneficiarios e a organización dos centros. En quinto lugar figura o traslado a centros ou equipamentos nos que se desenvolven programas ou actividades do sistema galego de servizos sociais, seguido dos locais de servizos sociais non comprendidos nos apartados anteriores. Por último, están os transportes necesarios para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal dos usuarios do servizo, como a asistencia a xulgados, notarías e realización de xestións de carácter legal, administrativo ou doutra índole; actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico como estético; actividades de carácter socio familiar; adquisición de bens e prestacións de servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades básicas da vida cotidiá; e traslados relacionados coa asistencia e actividades de carácter educativo e formativo.*

*É gratis para quen ingresa menos de 400 euros e o custo real do servizo determinase en función o número de quilómetros comprendidos no desprazamento demandado polo usuario. O prezo máximo que poderá acadar o custo do quilómetro é de 1,40 euros. Para a determinación individualizada da porcentaxe de participación dos usuarios na financiación do servizo compútase a capacidade económica persoal do*

solicitante. O baremo toma como referencia o IPREM (Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples). Quen non chegue ao 75% de dito indicador, actualmente situado en 532,51 euros, é dicir, quen se sitúe por debaixo dos 400 euros de ingresos ten dereito a recibir a prestación de forma gratuita. No caso de Arzúa hai cerca de 30 persoas nesa situación, aparte dunha asociación, AMARAI, enormemente prexudicada por estes recortes e copagos.

Polo que, en condición de voceira municipal do PS de G-PSOE no Concello de Arzúa somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte ACORDO:

- Instar a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, que non deixe de subvencionar o traslado diario ou semanal dos dependentes aos centros asistenciais polo 065 (Servizo Galego de Apoio á Movilidade Persoal).

- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.”

---

Seguidamente, a requirimento do alcalde, o secretario dou lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

“Explica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

- Que tivemos unha reunión cos afectados, como a asociación AMARAI e coas persoas das aldeas que están usando este servizo.

- Que é gravísimo que quiten este servizo, hai xente que non vai ter que pagar, pero outra sí, aínda que non sexa moita cantidade, e como todo suma vai haber xente que non vai poder facerse cargo do custo deste servizo.

- Que é grave que quiten o servizo á xente que ten que ir a rehabilitación, porque este servizo tamén facía posible a conciliación coa vida laboral dos familiares, porque podían ter un traballo, e ao quitar o servizo non poden ter ese traballo por ter que coidar a ese familiar.

- Que a quen mais está perxudicando isto nesta zona é aos usuarios de AMARAI, porque posiblemente esta asociación terá que comprar vehículos adaptados.

- Que tamén nas zonas rurais é onde máis perxudicados haberá, porque nunha cidade é máis fácil o desprazamento, pero aquí nas aldeas estes vehículos están facendo unha media de 400 quilómetros ao día.

- Que hoxe deixa de funcionar o 065, recortaron moitos buses e en consecuencia tamén se recortan moitos postos de traballo, como de condutores e coidadoras.

\*Pregunta o Sr. Orois Valiño (do PP) á Sra. Balado Conde: Se nesta comarca hai 30 persoas máis ou menos afectadas ¿fixestes un estudio do custo mensual que lle ía supoñer a estas persoas?

\*Responde a Sra. Balado Conde que máis ou menos sí, tiveron unha reunión con esta xente e explicáronnos a súa problemática, aínda que non todo o mundo vai ter que pagar como no caso dos que cobren menos de 500 euros; pero as persoas que



*teñen unha pensión de 600 euros, por moi pouco que teñan que pagar, suponlles moitísimo.*

*\*Pide o Sr. Orois Valiño que para o Pleno traia o número de persoas que hai afectadas e cando van ter que pagar.*

*Indica a Sra. Varela Duro:*

*-Que se unha persoa ten que ter unha rehabilitación diaria vanna machacar tamén.*

*-Que se se fan recortes habería que establecer prioridades.*

*-Que desde o grupo político do Bloque Nacionalista Galego imos apoiar a filosofía da moción, é dicir, o que supoña recortes, gravames e copagos.*

*Tras todo o exposto, a presidenta desta Comisión informativa someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.*

*Adoptándose –por 3 votos a favor (2 do BNG e 1 do Pde G-PSOE) e 3 abstencións (do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción do acordo incluído en dita moción.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que acaba de entrar en vigor a nova lei e afecta enormemente a moitas persoas dependentes de Arzúa, habendo casos moi graves.

- Que se van suprimir moitos transportes, e iso conleva a perda de postos de traballo, como condutores e monitores.

- Que en Arzúa hai moita xente que está facendo uso do 065, xa sexa das aldeas, xa sexa da residencia da terceira idade, ou as que se desprazan ao centro de día de Melide.

- Que a asociación AMARAI vaise a ver moi perxudicada, porque –de 21 persoas que están nesa asociación- 18 fan uso dese transporte, polo que AMARAI vai ter que comprar outros vehículos e non se sabe se poderá aguantar tanto gasto, xa que a axuda que lle dá a Xunta de Galicia para transporte non lle vai chegar para facerse cargo do mesmo.

- Que non é o mesmo ter un vehículo adaptado nunha cidade, onde os traxectos son curtos, que nas zonas rurais; porque AMARAI vén facendo cada día unha media de 400 quilómetros.

-Que desde a agrupación socialista pensamos que é un servizo moi favorable para o medio rural, porque doutra maneira sería imposible que se desplazase a xente que vive soa e é dependente.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular vai votar en contra desta moción polos seguintes motivos:

- Porque a Xunta de Galicia mantén aos 7.000 usuarios na mesma situación en que estaban de forma gratuita total, e se seguen mantendo os recursos de 13.000.000 de euros para ese servizo.

- Porque as veces abúsase das ventaxas que dá a Administración en certas materias, e o 065 non ía a ser menos nese sentido, como comentaba a concelleira do PSdeG-PSOE cando dixo que había persoas maiores que facían uso dese servizo para ir a xogar a partida.

- Porque os servizos hainos que prestar, pero a súa eficacia tamén depende da responsabilidade da xente; por exemplo, a un neno que é dependente o seu pai levoa no coche ao colexio ou a outro lado, e pregunta ¿Por qué non se fai o mesmo coas persoas maiores?

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que, como dixemos na sesión da Comisión informativa, coincidimos coa filosofía desta moción, e a raíz das palabras do Sr. Orois Valiño aínda recalca máis a necesidade de protestar e instar á Xunta de Galicia a que adopte outras solucións, porque as decisións que está tomando afectan realmente ás clases máis desfavorecidas.

- Que para o Partido Popular a sociedade de benestar é a sociedade dos recortes e do copago; copago en sanidade, en educación, en asistir a unha sesión de dialise...

E a política de recortes do Partido Popular podería ir por facer recortes en coches oficiais da Xunta de Galicia, en asesores...etc. Hai moitos recortes que podería facer a Administración sen cargar sobre as clases máis desfavorecidas.

- Que para unha persoa que está soa e aillada é importante poder ir ao centro de día e poder falar con outra xente.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para facer as seguintes aclaracións ao que dixo o Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que en canto á taboa de datos que lle pedira na sesión da Comisión informativa, considera que non é necesaria; en Galicia hai moitas persoas dependentes e en Arzúa tamén e, en calquera momento, calquera de nós pode pasar a ser dependente.

- Que en Arzúa hai moitas persoas dependentes, sobre 30, e case todas van a ter que pagar unha porcentaxe, que ao mellor supón 30 euros ao mes, que para moitas familias suponlle moito.

- Que dentro dese servizo ela ve que hai cousas que non son tan importantes coma outras, aínda que para ela non deixa de ser importante que unha persoa de certa idade, que traballou toda a vida, teña quen a leve a xogar a partida.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que o que máis lle molesta é que se terxiversen as palabras, porque non dixo que o servizo non fora importante, á xente que é dependente hai que prestarlle o servizo de maneira gratuita, pero aquilo que é residual habería que suprimilo.

- Que parece que o Partido Popular xoga co pan desas persoas; á Xunta de Galicia agradaríalle poder dar un servizo gratuitamente; aquí no concello tamén hai que pagar agora cotas por servizos que antes eran gratuitos.

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que os deputados e senadores en Madrid teñen unhas dietas moi sustanciosas, cando resulta que xa teñen unha retribución moi por encima da dos funcionarios; se recortamos, recortemos en todo.

- Que no concello de Arzúa cobrase por realizar actividades, pero non por realizar actividades esenciais ou substanciais, porque se hai unha persoa que pasa fame temos no orzamento unha partida de emerxencia, a cal aumentouse no último orzamento.

- Que o que considera que non se pode fecer é recortar en servizos de saúde, como neste caso do servizo do 065.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.

Dándose o seguinte resultado: Seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis votos en contra (do PP).

Polo que, para tratar de resolver o empate, someteuse o asunto a unha segunda votación, obténdose o mesmo resultado.

En consecuencia fíxose saber que decidía a cuestión o voto de calidade do alcalde, que xunto aos catro concelleiros do BNG e á concelleira do PSdeG-PSOE, pronunciáranse en subscribir o acordo que contén a moción, que é o seguinte:

Instar a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, que non deixe de subvencionar o traslado diario ou semanal dos dependentes aos centros asistenciais polo 065 (Servizo Galego de Apoio á Movilidade Persoal).

E dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

***Punto 8º) MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO PS DE G-PSOE, Sra. BALADO CONDE, EN DEFENSA DA PRESTACIÓN DUNHA SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE NO CENTRO MÉDICO DE ARZÚA (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2014, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 530).***

Pola concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde douse lectura de dita moción; sendo o seu contido o seguinte:

*“O Sistema de Saúde constitúe unha conquista da sociedade española. O modelo sanitario desenvolvido dende a década dos 80 baseou o seu desenvolvemento nos principios de universalidade, equidade, calidade, cohesión e loita fronte as desigualdades na saúde, conseguíndose avances sanitarios de grande magnitude que situaron á sanidade española entre as primeiras do mundo desenvolvido.*

*O Sistema de Saúde dispón de profesionais sanitarios altamente cualificados sen cuxa implicación e involucración cos obxectivos sanitarios non sería posible acadar os niveis de calidade logrados na Sanidade durante estes anos.*

*Os cidadáns aprecian o desenvolvemento do Sistema Sanitario e da súa capacidade de dar resposta ás necesidades sociosanitarias da poboación; de feito, a*

*Sanidade Pública foi tradicionalmente o servizo público mellor valorado pola cidadanía.*

*A caída de ingresos en tódalas administracións, a causa da crise económica, condicionaron a adopción de medidas de control do gasto e de austeridade que pretenden contribuír á sostenibilidade económica da nosa Sanidade Pública. Neste contexto de recortes no Centro Médico de Arzúa o pasado Nadal os servizos médicos estiveron baixo mínimos ao estar de permiso o persoal e non terse producido a contratación de substitutos por parte do SERGAS. Este feito ten repercutido negativamente na calidade da prestación do servizo público debido a que nesas datas os profesionais que estiveron a traballar tiveron unha media de entre 45 e 50 pacientes ao día, o que xerou unha sobrecarga asistencial aos profesionais e un grave prexuízo para os usuarios do servizo de saúde.*

*Dende hai anos existe a Plataforma en defensa dos 10 minutos por consulta denuncia o pouco tempo que se pode adicar na atención primaria a cada paciente, circunstancia que a día de hoxe e coa política do PP de non cubrir as ausencias dos profesionais non permitiría nin dispoñer de 6 minutos por paciente.*

*A todo o anterior hai que engadir que non se teñen cuberto prazas de especialistas como a de pediatría, pasando os seus pacientes (menores de 14 anos) a ser atendidos polos médicos de familia.*

*Ante o anterior debemos agradecer o esforzo dos profesionais, que se viron obrigados a traballar baixo condicións de sobrecarga de traballo, e aínda así o fixeron con simpatía e boa labor profesional.*

*Por todo o anterior, o grupo municipal socialista de Arzúa presenta para a súa aprobación polo Pleno municipal os seguintes ACORDOS:*

*1.- Solicitar ao alcalde que como máximo representante dos veciños se preocupe polas carencias sufridas no servizo de saúde, e esixa ao SERGAS que o servizo de pediatría sexa atendido por especialistas e non se reparta a atención dos menores entre o resto dos médicos.*

*2.- Esixir á Dirección Xeral do SERGAS a cobertura de vacantes cando estas se produzan, sexan polo motivo que sexan.*

*3.- Defender o dereito cidadán a unha sanidade pública, evitando que a crise económica impida a labor asistencial dos profesionais.”*

---

Seguidamente, a requirimento do alcalde, o secretario dou lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“Explica a Sra. Balado Conde:*

*-Que está moción presentouse despois das queixas e reclamacións que realizaron nas navidades os pais de nenos, que tamén se puxeron en contacto con nós, así como algunhos pacientes, debido a que non había pediatra, nin médicos suficientes*

no Centro Médico, porque durante máis ou menos tres semanas non se cubriron as vacacións do persoal médico e isto produciu un caos; e houbo un momento en que no Centro Médico –dos catro médicos e máis a pediatra- só había dous médicos para atender aos nenos e aos outros pacientes, e menos mal que neses días non tiveron que ir atender ningún accidente, e tivera que ir un deles a Santiago co accidentado, porque iso suporía que terían que pechar o centro de saúde.

- Que a moción presentouse para solicitarlle ao Sergas que non volva a ocorrer isto, para que se intente controlar este tema e para que se cubran as vacantes que se produzan.

*\*Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP):*

- Que o seu grupo non vai apoiar esta moción, porque o primeiro dos acordos que se pide que aprobe o Pleno con esta moción parécelle de mal gusto, xa que da a entender que o alcalde non estivo preocupado das carencias sufridas no servizo de saúde e parécelle un ataque o alcalde do BNG.

- Que os médicos de medicina xeral, cando fan o MIR, pasan por pediatría e teñen unha preparación mínima, senón as urxencias pódenas desviar para Santiago.

*\*Indica a Sra. Balado Conde que non era a súa intención meterse co alcalde, e o alcalde sabeo.*

*\*Manifesta o Sr. Orois Valiño que para el é unha crítica velada ao alcalde, e se el fose alcalde pareceríalle intolerable.*

*\*Indica a Sra. Varela Duro, que apoian a moción, pero coincide co Sr. Orois Valiño en que a redacción do primeiro punto non é a acertada, xa que parece como un ataque ao alcalde, pero –se se cambia a redacción dese primeiro punto do acordo- eles apoiarán a moción.*

*Manifesta a Sra. Balado Conde:*

- Que sabe perfectamente que o alcalde non ten a culpa, porque el non decide as substitucións no Centro Médico.

- Que cambiará a redacción dese punto primeiro do acordo que contén esta moción.

*Polo que indica a Sra. Varela Duro que esta moción queda pendente de votación para o Pleno, unha vez que a Sra. Balado Conde cambie a redacción do primeiro punto do acordo da moción.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:*

-Que, respecto ao que se pon na primeira proposta de acordo que contén a moción, quere dicir que sabe perfectamente que o alcalde non ten a culpa, porque tena o SERGAS.

- Que as pasadas navidades o seu grupo recibiu moitas queixas de pacientes e de nais de nenos, porque houbo unha sobrecarga de traballo nos médicos, xa que non houbo substitución daqueles médicos que estaban de vacacións ou de días de permiso.

- Que esta moción preséntase para que isto non volva a suceder en Semana Santa nin no verán.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que sabe que a intención da Sra. Balado Conde non era a de faltarlle ao alcalde, pero a redacción que fai das mocións ás veces é graciosa ou se presta a unha dobre interpretación; outro exemplo diso témolo no parágrafo desta mesma moción, onde se di que: *“Ante o anterior debemos agradecer o esforzo dos profesionais, que se viron obrigados a traballar baixo condicións de sobrecarga de traballo, e aínda así o fixeron con simpatía e boa labor profesional”*.

- Que, se non funcionan axeitadamente as roldas de traballo, espera que isto se resolva no futuro. Se hai catro médicos, non se poden ir dous de vacacións, teñen que resolvelo entre eles mesmos; e, se non hai pediatra, e o médico de medicina xeral ve que un neno ten algo que supera o seu coñecemento, supón que derivará ao neno ao pediatra ou a un especialista, pero isto dárase en casos puntuais.

- Que a nosa sanidade pública é exemplar e está entre as mellores do mundo.

\*Do Sr. alcalde, para deixar claro que vai votar en contra desta moción, se segue constando a expresión de *“Solicitar ao alcalde que se preocupe polas carencias sufridas no servizo de saúde...”*(punto primeiro das tres propostas de acordo); e iso por dúas razóns:

1ª) Porque o concello e por tanto o alcalde, desde que se pasaron á Xunta de Galicia as competencias que tiñamos no centro médico, xa non pintamos nada alí.

2ª) Porque hai certos gremios que están acostumados a certas cousas, que deberían cambiar; porque supón que se os traballadores do Centro Médico teñen problemas, e queren a colaboración do alcalde, serán eles os que terán que vir aquí a formulalo.

- Que na sanidade e na educación non habería que facer recortes, para que funcionase igual que antes, porque iso sabeo ben quen ten que estar nos médicos; todos sabemos que os recortes están afectando á atención da xente no Centro de Saúde.

\*Da Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para expresar:

- Que non ten ningún problema en suprimir a referencia ao alcalde que se fai na moción, porque sabe perfectamente que o culpable de que houbera un mal funcionamento no Centro Médico foi o SERGAS e non o Concello.

- Que non foron só os traballadores do Centro Médico os que se queixaron, tamén se queixaron os pacientes.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que se ao longo do ano o servizo funciona ben, e isto foi unha cuestión puntual, non hai nada que dicir.

- Que, respecto ao que dixo o Sr. alcalde, está de acordo; se un médico quere formular unha queixa, ten que ser el quen veña xunto ao alcalde, e está seguro que o recibirá igual que a outro veciño.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción, unha vez que a primeira proposta de acordo (*referida á solicitude ao alcalde*) foi sumprimida neste acto pola concelleira Sra. Balado Conde, que presentou a moción.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Esixir á Dirección Xeral do SERGAS a cobertura de vacantes cando estas se produzan, sexan polo motivo que sexan.

**Segundo.**- Defender o dereito cidadán a unha sanidade pública, evitando que a crise económica impida a labor asistencial dos profesionais.

***Punto 9º) MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO PS DE G-PSOE, Sra. BALADO CONDE, PARA QUE SE LEVEN A CABO ACTUACIÓNS INMEDIATAS PARA EVITAR O ALTO ÍNDICE DE SINISTRALIDADE NO TRAMO DA ESTRADA NACIONAL N-547, ARZÚA-MELIDE (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2014, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 531).***

Pola concelleira do PSdeG- PSOE, Sra. Balado Conde, que presentou esta moción, procédese a dar a explicación do su contenido, que resulta ser o seguinte:

*“1º.- Que a estrada N-547 presenta un índice de siniestrabilidade absolutamente inasumible pola sociedade, e particularmente o tramo que une a nosa vila coa veciña Melide. Neste tramo de só 15 kms, pódense contar ata catro puntos extremadamente perigosos, que concentran máis accidentes e máis graves que toda a quilometraxe restante da N-547. Requirindo isto, dunha actuación concreta das autoridades tanto de Fomento como de Tráfico, para que dun xeito preventivo se evite o custo en vidas que está acontecendo.*

*Seis mortos en tres meses, numerosas saídas da vía fai un ano, e un estenso historial de accidentes no mesmo tramo nos últimos tempos, son un tráxico balance que abonda para que dunha vez por todas se aborde a altísima perigosidade da distancia que une Arzúa e Melide; xa que as saídas da vía e os accidentes seguen a sucederse despois de tomar medidas que non abondan.*

*2º- Esta situación, require que dende o concello de Arzúa se leven a cabo actuacións inmediatas.*

*Por todo o cal, o grupo municipal socialista PSdeG-PSOE, e no seu nome a voceira do mesmo, formula a seguinte moción, a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o seguinte ACORDO:*

*Apoiar a corporación municipal e solicitar, perante o Ministerio de Fomento, que se leven a cabo as actuacións necesarias para que o tramo da estrada N-547, que comunica os concellos de Melide e Arzúa, cumpra co nivel de seguridade requirido”.*

---

Deseguido o secretario da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, infórmase:*

*- Que hai uns puntos negros nese tramo da estrada nacional 547, que se sitúan na parroquia de Burres e sobre todo no lugar da Portela da parroquia de Castañeda.*

*- Que no Concello de Melide xa se presentou outra moción semellante a esta.*

*- Que comprobouse que neses puntos hai moitas saídas de vehículos, e non sería tan caro poñer algún mecanismo de sinalización, porque pode asegurar que cada día atopa un coche que saíu da estrada, e iso lle pasa tamén a persoas que circulan lento.*

*- Que a asociación de veciños da parroquia de Burres tamén mandou un escrito a Fomento, polos accidentes que se producen naquela zona; cuxo escrito está pendente de contestar.*

*- Que se fixo algo, en canto ao tratamento asfáltico que se lle dou á estrada, pero iso non é suficiente.*

*Tras manifestar a súa conformidade os restantes integrantes desta Comisión informativa, coa proposta de acordo que contén esta moción.*

*Por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do PP, 2 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) acordouse propoñer ao Pleno do Concello a adopción dese acordo.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que lle parece ben a moción.

\*Polo Sr. alcalde para informar que se mantivo unha reunión hai un ano con representantes da Demarcación de Estradas e algunha das cousas que se acordaron entón cumpríronse, como o votar unha capa de asfalto ou o eliminar as liñas discontinuas que pasaron a ser continuas; e para outros temas dos que se falou, -como o incorporar sinais luminosas e incorporar algún radar- quedouse en manter outra reunión.

\*Da Sra. Castro Vallo (do BNG) para expresar:

*- Que non cre que sexa a solución o poñer liñas continuas, aparte de que se ocasiona un retraso de tempo tratamento, con respecto a cando esas liñas eran discontinuas e podía-se por tanto adiantar; porén considera que se inflúe moito para evitar os accidentes o firme que teña esa estrada.*

*- Que diante da nave de “Toldos Gómez”, o día que chove baixa a agua, e isto ocasina que os vehículos fagan aquaplanig, e iso non é liña continua.*



\*Do Sr. alcalde para informar:

- Que naquel momento estaban dispostos a eliminar o carril de adiantamento que hai na curva, antes de chegar a Boente, onde hai tres carris.

- Que lle parece ben enviar o acordo que se adopte agora sobre esta moción, para que se acorden de que non cumpriron con todo o que prometeron.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes (6 do PP, 5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de solicitar ao Ministerio de Fomento, que leve a cabo as actuacións necesarias para que o tramo da estrada nacional-547, que comunica os concellos de Melide e Arzúa, cumpra co nivel de seguridade requirido.

***Punto 10º) MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO BNG, SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2014, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 532)***

Pola concelleira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro douse lectura de dita moción; sendo o seu contido o seguinte:

*“A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.*

*Esta situación é claramente corrixible de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.*

*O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e*

*reproductiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.*

*Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

*1. Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo.*

*2. Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.*

*3. Instar á Xunta de Galicia a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galicia.*

*4. Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.*

*5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromper voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.”*

---

Seguidamente polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“\*Explica a Sra. Varela Duro (do BNG):*

*- Que ca reforma da Lei do aborto prodúcese a modificación duns dereitos consolidados, consistentes en que as mulleres podían decidir libremente a interrupción do embarazo en determinados supostos.*

*- Que esta reforma supón un retroceso, porque vai en prexuízo da libre opción que tiñan as mulleres, en canto decidir se abortar ou non.*

- *Que se hai vontade política esta lei podese cambiar, e facilitar as mulleres toda a información o máis obxectiva posible, para poder decidir cando se lle presente unha situación deste tipo.*

- *Que este retroceso pode levar consigo que volvamos aos anos 60 ou 70, onde se facían os abortos de forma clandestina, cunhas malas condicións sanitarias, e iso supoñía moito perigo para a muller.*

- *Que tamén reivindicamos que se unha muller toma a decisión de abortar, iso se faga cunha garantía sanitaria, e nunha sanidade pública que garantice que esa muller teña unha atención axeitada.*

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións*

*\* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

- *Que non entende como en marzo de 2014 temos que estar aquí falando deste tema.*

- *Que esta Lei paracelle que vulnera os dereitos da muller, volve a retroceder a ter un tutor, e ela estaba de acordo ca lei que había antes.*

*\* Polo Sr. Orois Valiño (do PP):*

- *Que a lei de Gallardón é unha lei desafortunada, pero a reforma da lei do 2010 de Zapatero tamén foi desafortunada en certas cousas, porque unha rapaza de 16 anos non pode ir a abortar sen a autorización dos seus pais, porque pode poñer en grave risco a súa vida.*

- *Que no ano 1985 cando gobernaba Felipe González fixose unha lei de consenso, foi unha lei que non tiña porque modificarse no ano 2010; de feito non se modificou despois polo Partido Popular.*

- *Que na Lei de 2010 había cousas que si había que reformar.*

- *Que neste asunto hai unha criminalización social, non penal, que a el non lle gusta; habería que volver ao que é o consenso.*

*\*Pola Sra. Varela Duro indícase:*

- *Que con esta Lei o que vai pasar é que o que teña cartos vai ir abortar a Londres ou a Portugal que está máis cerca, ou pagar unha sanidade privada para poder abortar.*

- *Que senón se teñen cartos irase a abortar clandestinamente.*

*\*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que o que é menor de idade éo para todo.*

*Tras todo o exposto a Presidenta desta Comisión informativa someteu a votación ordinaria as propostas de acordo que contén esta moción.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis membros asistentes (2 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE e 3 do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción dos cinco acordos incluídos en dita moción.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que desde o grupo político do Bloque Nacionalista Galego defendemos esta moción, porque consideramos que se esta producindo unha marcha atrás se se leva a cabo o que pretende o goberno.

- Que considera que hai que apoiar esta moción polo ben da liberdade de decisión de todas as mulleres, xa que non lle corresponde nada máis que a elas decidir se queren ou non ter un neno.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que defende esta moción porque se lle din hai cinco anos que íamos estar falando disto nun Pleno, e nos doutros concellos, e que tamén se está falando diso na rúa, non o creería, proque non ten ningunha lóxica.

- Que ese retroceso é unha falta de respecto a todas as mulleres.

- Que non ten sentido que en un dos puntos da lei se poña que -en caso de violación- está permitido o aborto, xa que se tanto defende o Partido Popular e o Sr. Gallardón a vida humana, tamén deberían ter en conta que o neno resultante dunha violación é igual que outro.

- Que é unha lei ideolóxica totalmente.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que considera que o Partido Popular está metendo a pata, pero -como a lei está aínda en tramitación parlamentaria- espera que as voces que hai no PP de disconformidade con esta lei dean o seu froito.

- Que a sanidade pública debe facilitar que cualquiera persoa que estea ben psicolóxicamente poida abortar; a ninguén se lle pode obrigar a ter un rapaz se non quere.

- Que esta non é unha lei do Partido Popular, porque a inmensa maioría no PP non está de acordo con esta reforma da Lei do aborto.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que está todo dito na moción, aparte de reivindicar a liberdade da muller, tamén hai que reivindicar que -cando decida abortar- ten que facelo nunhas condicións sanitarias adecuadas e garantizadas pola sanidade pública.

- Que, no caso de que se probe esta lei, suporá volver atrás no sentido de que haberá abortos clandestinos nunhas condicións lesivas para a muller.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que pensaba que había máis xente no Partido Popular que non cria nesta lei, pero comprobou como -nunha votación no Congreso dos Deputados- todos os deputados do Partido Popular votaron a favor.

\*Do Sr Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que ten a esperanza de que na tramitación parlamentaria desta lei se fagan as modificacións e as emendas precisas.

- Que a liberdade da muller debe ser respetada, e non se debe de criminalizar nunca porque opte por interrompir o embarazo.

\* Do Sr. alcalde:

- Que non había demanda social ningunha para armar semellante revuelo con esta lei.

- Que lle molesta que por parte dos grupos máis conservadores haxa unha especie de tutela coas mulleres, como se elas non fosen capaces de decidir nada responsablemente; e certos sectores relixiosos tamén teñen esa tendencia.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as cinco propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei Orgánica 2/2010 de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

**Segundo.**- Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

**Terceiro.**- Instar á Xunta de Galicia a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galicia.

**Cuarto.**- Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

**Quinto.**- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei Orgánica 2/2010 do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromper voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

***Punto 11º MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO BNG, SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2014, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 533).***

Pola concelleira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro, douse lectura de dita moción; sendo o seu contido o seguinte:

*“A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fondamente centralista do exercicio do poder,*

*que é incompatible cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.*

*A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.*

*O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galicia, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.*

*A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsables á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.*

*A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndice executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde Galicia se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.*

*A reforma local tamén supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirlles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abócaos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.*

*Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.*

*Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.*

*A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO***

*1. Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei Orgánica do 2/1979 do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.*

*2. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:*

*a) As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.*

*b) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galicia, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.”*

---

Seguidamente polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2014; no seguinte sentido:

*“\*Pola presidenta desta Comisión informativa Sra. Varela Duro (do BNG) infórmase:*

*-Que a reforma laboral aprobada restrinxe as competencias dos Concellos sobre moitos ámbitos de interese local.*

*-Que o que pretendemos con esta moción é que haxa unha descentralización e que desaparezan as Deputacións Provinciais; que se lle dea máis competencias aos concellos e mancomunidades, porque a través dos Concellos pódese facilitar o acceso dos cidadáns aos servizos dunha maneira máis rápida e económica.*

*-Que o máis loable sería poder descentralizar nos Concellos, pero non ao revés; porque sobre todo nestas zonas rurais os veciños teñen máis posibilidades de acceder ao seu concello que A Coruña.*

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que a reforma local vai supoñer unha privatización dos servizos sociais e a centralización de moitas competencias nas Deputacións Provinciais, cando tiña que ser ao contrario, para que desapareceran as Deputacións Provinciais.*

*\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:*

*- Que no século XXI non se necesitan as Deputacións Provinciais.  
- Que porén, en materia de urbanismo, sí podería ser convinte limitar a competencia dos Concellos para evitar moitos conflitos polos intereses que se xeneran nesta materia.*

*Tras todo o exposto, a presidente desta comisión informativa someteu a votación ordinaria a subscripción polo Pleno do Concello das dúas propostas de acordo que contén esta moción.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis membros asistentes (2 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE e 3 do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción deses dous acordos”.*

---

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\*Do Sr. alcalde para expoñer:*

*- Que desde o grupo político do Bloque Nacionalista Galego crese que, con esta reforma, en vez de solucionar o problema afondase mais nel. Se se quere aforrar, deberíase empezar polas Deputacións Provinciais e polo Senado, e sen embargo atacase aos que menos culpa teñen da débeda que ten o país, porque a débeda dos concellos supón unha porcentaxe irrisoria na débeda total do Estado.*

*- Que o que fai esta lei e alonxar á Administración dos cidadáns, porque a xente terá que trasladarse á Deputación Provincial para facer as súas xestións, cando o máis lóxico sería acudir ao propio concello.*

*\*Da Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para expresar:*

*- Que esta lei fíxose achacando un pouco aos concellos o despilfarro e a corrupción, cando realmente dos 8.000 e pico concellos que ten España non son todos corruptos.*

*- Que os concellos de menos de 20.000 habitantes van a ser meros despachos administrativos, porque non van a ter una relación directa cos cidadáns.*

*- Que os servizos sociais van pasar ás Deputacións Provinciais, que son unha fabrica de enchufismo.*

*\*Do Sr. Orois Valiño (do PP):*

*- Que estamos basicamente de acordo coa moción e consideramos tamén que as Deputacións Provinciais deberíanse suprimir.*



- Que non debemos mezclar Deputación con corrupción, nin os concellos con corrupción, porque os corruptos son as persoas que aceptan subornos, e ese tipo de persoas hainas en todos os lados.

- Que, con respecto ao Senado, tería sentido se fora unha verdadeira cámara de representación territorial onde se debatise o modelo de Estado, pero volveuse un cemiterio de elefantes. Ás institucións hai que darlles sentido ou suprimilas.

- Que as Deputacións non poden fagocitar o que son competencias do concello, e os concellos tampouco deben ter duplicidade de competencias con outras institucións. O Concello debe prestar aqueles servizos que pode facer con eficiencia, por estar máis preto do cidadán.

- Que hai que suprimir as Deputacións e o Senado.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei Orgánica do 2/1979 do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.

**Segundo.**- Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

**a)** As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

**b)** Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galicia, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.

## **B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL**

### ***Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2013***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de agosto de 2013 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 31 de xullo de 2013 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 30 de setembro de 2013.

Estando referida tanto a primeira resolución (*reflectida no folio 7.364 e volto*) como a última resolución (*reflectida no folio 7.428 e volto*) a aprobación de facturas

cuxo importe individualizado é inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe -dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

**2º) *DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO CUARTO TRIMESTRE DE 2013) ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao cuarto trimestre do pasado exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 31 de xaneiro de de 2014, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre

os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2013, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no cuarto trimestre de 2013:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	311	249
Importe total	257.350,76 euros	649.265,26 euros

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	152	4
Importe total	280.795,52 euros	9.760,58 euros

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010):**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

**Segundo**.- Dar traslado do contido do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

***Punto 3º) ROGOS E PREGUNTAS.-***

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.45 horas do indicado día, estendéndose a

presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.